



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO SOBRE A MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 17 DO PXOM DE LALÍN PARA REGULACIÓN DO USO INDUSTRIAL

Promotor: Concello de Lalín

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Expediente: 2023AAE2770

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental formulou a proposta que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

- 1 O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Lalín aprobose definitivamente o 5.2.1999 (DOG do 18.02.1999).
- 2 O 21.02.2023 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Lalín no que se solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Modificación puntual núm.17 do Plan xeral de ordenación municipal: regulación do uso industrial" (en diante MP17). Achegaba un documento ambiental estratéxico e un borrador do planeamento.
- 3 O 23.02.2023 este órgano ambiental iniciou un período de consultas previas á formulación do informe ambiental estratéxico, facendo públicos no portal web os documentos recibidos e consultando ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por un prazo de 30 días hábiles.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e mais o seu Regulamento integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 O artigo 46.2.a) da LSG sinala que deben someterse ao procedemento simplificado de avaliación ambiental estratéxica as modificacións menores do planeamento xeral de ordenación municipal. O órgano ambiental determinará no informe ambiental estratéxico se o planeamento ten ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza. No caso de prever efectos ambientais significativos someterase a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria.
- 3 A LSG establece tamén antes de emitir o informe ambiental estratéxico deberase consultar ao órgano competente en materia de urbanismo, ás demais administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que se pronunciarán





no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do planeamento

Obxecto e ámbito de actuación: a modificación do PXOM está dirixida, segundo indica o borrador, a mellorar a regulación do uso industrial no polígono de Botos e unha pequena zona en Bergazos, polo que considera este o ámbito espacial afectado.

Alternativas: o promotor xustifica que *non se poden prever máis alternativas que a 0, ou non realización da modificación puntual, e a 1 que é a tramitación e aprobación da modificación puntual que se plantexa, clarificando a regulación do uso industrial para lle dar cumprimento ós obxectivos fixados.*

Proposta: modificar na normativa urbanística do PXOM a redacción dos artigos 22, 23, 24 e 28 referidos ao uso industrial (Título VI do Libro terceiro) así como os artigos 126 e 128 na ordenanza 6 (capítulo VIII do Título VI do Libro primeiro), para:

- Incorporar na ordenanza 6 (*industrial*) condicións que melloren o seu funcionamento, condicións de seguridade e estéticas;
- Adaptar algúns preceptos normativos do uso industrial á lexislación vixente;
- Aclarar a regulación do uso industrial, diferenciando 11 grupos de clases de uso industrial.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O polígono industrial de Botos (22 ha aprox.) está situado ao suroeste do núcleo urbano de Lalín. Bergazos emprázase a carón do polígono industrial *Lalín 2000*, ao noroeste do núcleo urbano e na beira da estrada N-525. En ámbolos dous casos trátase de zonas antropizadas e transformadas nas que xa existen edificacións e instalacións ligadas directa ou indirectamente á actividade industrial.

O polígono industrial de Botos presenta numerosas eivas en canto á integración paisaxística cara á contorna rústica e ao núcleo rural de Botos. Ademais, presenta unha imaxe heteroxénea, cunha urbanización de escasa calidade (beirarrúas interrompidas, carencia de espazos habilitados para aparcadoiro), acabados dos paramentos das naves, tipoloxía de peches, espazos de almacenamento, distribución de luminarias, e cartellaría comercial. No caso de Bergazos, comparte as anteditas eivas de Botos en canto á urbanización e á integración paisaxística respecto da contorna rústica e do asentamento adxacente, se ben neste caso hai que engadir a elevada exposición visual cara á estrada N-525.

Non se detectan nas zonas afectadas pola MP17 espazos ou elementos con destacados valores ambientais. Na contorna próxima á zona de Bergazos atópase o Pazo dos Xil e Taboada, elemento catalogado no PXOM (ficha 3-34).





3. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á formulación deste informe ambiental:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	

Asemade, o borrador da MP17 e o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor ter en consideración na elaboración e tramitación da MP17 todas as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións ambientais formuladas.

Instituto de Estudos do Territorio:

Considera que a MP17 pode diminuír a actual incidencia paisaxística dos ámbitos situados en Botos e Bergazos, toda vez que os cambios na ordenanza veñen a mellorar a calidade escénica da zona industrial. En particular, resulta positivo o establecido para o amortecemento visual das zonas industriais mediante barreiras vexetais, as condicións estéticas para peches e paramentos exteriores, e a prohibición do uso das traseiras das edificacións para depósito de materiais e refugallos (directriz de paisaxe DX.10.b.3). Non obstante, sinala no informe algúns aspectos a mellorar ou completar.

Os contidos en materia de paisaxe recollidos no anexo da memoria xustificativa considéraos insuficientes, polo que indica que debe realizarse un estudo da paisaxe.

4. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013

Con esta modificación da normativa do PXOM (MP17) preténdese mellorar a regulación do uso industrial no polígono de Botos e nunha pequena zona en Bergazos. A proposta non establece un marco para a futura autorización de proxectos nin inflúe noutros plans ou programas.

A modificación proposta non implica a nova ocupación de solo en estado natural, xa que afecta a zonas ou instalacións industriais xa existentes, polo que non se prevén efectos significativos en canto á ocupación do recurso solo.

A proposta formulada pode ter repercusións positivas na paisaxe dos ámbitos territoriais afectados, toda vez que os cambios na ordenanza 6 veñen a mellorar a calidade escénica da zona industrial. Non obstante, cómpre mellorar e completar as medidas de integración paisaxítica previstas no borrador.

A área afectada pola MP17 xa foi transformada e ocupada por instalacións ou naves industriais que están en funcionamento. Dentro desta área non se detectaron valores ambientais destacados, con todo, na zona afectada polo contorno de protección do Pazo dos Xil e Taboada (en Bergazos) serán aplicables as cautelas recollidas na Lei 5/2016, do 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia.





En conclusión, non se agardan efectos ambientais significativos co desenvolvemento da MP17.

PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas previas realizadas e a análise dos criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a modificación puntual núm.17 do Plan xeral de ordenación municipal de Lalín para regular o uso industrial; porén, establécense as seguintes **determinacións**:

- De acordo co sinalado polo Instituto de Estudos do Territorio, o documento de planeamento debe incorporar un estudo da paisaxe cos contidos que recolle o apartado 3 do artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia (neste caso, analizando as peculiaridades do ámbito do polígono de Botos e da área de Bergazos). Atendendo ao resultado deste estudo, completaranse os criterios e condicións recollidos na normativa tendo en conta os seguintes aspectos:
 - En relación ao disposto na directrices de paisaxe DX.10.b epígrafes 2 e 4, realizarase unha análise dos bordos perimetrais de ámbalas dúas zonas de xeito que se garanta unha axeitada transición coas áreas naturais e asentamentos adxacentes (Botos e Bergazos), prevendo as oportunas medidas correctoras. A este respecto, en canto ás condicións de axardinamento que recolle o artigo 128 da normativa, deben aplicarse, sempre que sexa posible, os criterios de plantación da directriz de paisaxe DX.10.b epígrafe 10.v (limitando o uso de ringleiras de arboredo). Ademais, deben conservarse a maior parte posible das masas arbóreas e arbustivas autóctonas existentes.
 - Para a organización das parcelas debe terse en conta os criterios de adaptación topográfica e orientación das parcelas da directriz de paisaxe DX.10.b epígrafes 7 e 8.
 - Para a urbanización dos espazos, condicións estéticas, cartellaría ou zonas de depósitos de materiais, deberían ampliarse os criterios da normativa co disposto na directriz de paisaxe DX.10.b.10. No deseño do espazo público, recoméndase consultar a Guía de boas prácticas en intervencións en espazos públicos. Así mesmo, para a as condicións da cartellaría comercial/industrial aconséllase aplicar os criterios para espazos industriais da *Guía de boas prácticas nos carteis publicitarios*.

María Carmen Paz Cornes
Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental
de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental

(asinado con sinatura dixital)





De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica a "Modificación puntual núm.17 do Plan xeral de ordenación municipal para regulación do uso industrial", no concello de Lalín, posto que non se prevén efectos ambientais adversos significativos: Non obstante, para garantir a integración dos aspectos ambientais no contido do planeamento atenderase ás determinacións que se recollen na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública a través do *Diario Oficial de Galicia* e do portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>). Remitirase ao Concello de Lalín xunto con copia do escritos recibido na fase de consultas previas.

Segundo o artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba a modificación puntual do PXOM no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, agás que se acorde unha prórroga por dous anos adicionais.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía xudicial contra o acto de aprobación definitiva do instrumento de planeamento, nos termos previstos na lexislación aplicable (artigo 31.5 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, en relación co artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(*asinado electronicamente na marxe*)

